



**III PLAN MUNICIPAL DE
IGUALDADE ENTRE
MULLERES E HOMES
2018-2022**



CONCELLO DE
FORCAREI

 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	2
ESTAMENTO MUNICIPAL COORDINADOR DO PLAN DE IGUALDADE .¡Error! Marcador no definido.	
MARCO CONTEXTUAL	¡Error! Marcador no definido.
PRINCIPIOS REITORES	¡Error! Marcador no definido.
METODOLOXÍA	¡Error! Marcador no definido.
FINALIDADES E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS:	3
ÁREAS DE ACTUACIÓN:	5
1. ÁREA DE SENSIBILIZACIÓN, DIFUSIÓN E INFORMACIÓN ORIENTATIVA	6
2. ÁREA DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL	9
3. ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO	12
4. ÁREA DE PROTECCIÓN SOCIAL, PROMOCIÓN DA SAÚDE E O BENESTAR	14
5. AREA DE EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL, APROVEITAMENTO DO TEMPO DE LECER, ASOCIACIONISMO, CULTURA E DEPORTE	17
6. AREA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN E ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	20
AVALIACIÓN	¡Error! Marcador no definido.

INTRODUCCIÓN

Conscientes do camiño que queda por percorrer, a pesar dos avances conseguidos, o Concello de Forcarei fai unha vez máis unha aposta clara e decidida polo impulso dunha planificación estratéxica que continúe a derrubar as barreiras que dificultan que as mulleres gocen dos dereitos e das oportunidades.

O dereito á igualdade interesa a toda a cidadanía porque mellora a nosa calidade de vida, tanto na realización profesional como na persoal, familiar e laboral. Estamos convencidas e convencidos de que a máxima participación en igualdade de condicións da muller e do home, é indispensable para o desenvolvemento pleno e completo do noso Concello, polo que impulsamos a adaptación de medidas precisas co fin de suprimir esta discriminación en todas as súas formas e manifestacións.

As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión. A corresponsabilidade é labor do conxunto da sociedade; administracións públicas, axentes sociais e instancias privadas debemos traballar para fomentala e crear sinerxías que redunden nunha organización social na que sexa máis doado para todos e todas harmonizar a vida privada e a laboral e facer un uso racional dos tempos.

Sen dúbida, outro dos grandes retos para os vindeiros anos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

Tamén é preciso seguir traballando en favor dun cambio sociolaboral, cultural e de valores que modifique as actitudes, os roles e os estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero, sen esquecer que esta importante tarefa comeza desde as idades máis temperás, para que as futuras xeracións constrúan unha sociedade verdadeiramente igualitaria.

Dende o Concello de Forcarei, coa posta en marcha do I Plan e do II Plan, quérese pór en firme o noso compromiso co logro efectivo do “dereito á igualdade real entre homes e mulleres”, expresado a través da posta en marcha de políticas de igualdade, continuando a

día de hoxe na mesma liña actualizada coa publicación deste “**III Plan Municipal de Igualdade entre mulleres e homes 2018-2022 do Concello de Forcarei**”.

FINALIDADES E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS:

AS FINALIDADES QUE SE PERSEGUEN SON:

- Integrar de forma transversal a promoción da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes no deseño, execución e avaliación de todas as medidas e actuacións que se concreten nas diferentes políticas municipais.
- Establecer e garantir o acceso en igualdade de oportunidades da diversidade das mulleres á información, aos recursos públicos e privados e favorecer as oportunidades de conciliación familiar, laboral e persoal.
- Reducir as brechas de xénero no acceso, permanencia, emprendemento e promoción no emprego e favorecer a autonomía económica e o desenvolvemento profesional das mulleres desde unha cultura da innovación.
- Impulsar o cambio de valores, actitudes, roles e estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero a través dun modelo educativo que promova a equidade entre mulleres e homes en todas as súas dimensións.
- Fortalecer os mecanismos para a prevención da violencia de xénero dende as súas diferentes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e a protección das vítimas con actuacións de carácter integral.

ATENDENDO A ESTAS FINALIDADES, POSTÚLANSE OS SEGUINTE OS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS:

- Incidir e promover un cambio de actitudes na sociedade, fomentando unha concienciación en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Conectar á cidadanía cos servizos e recursos existentes e favorecer o acceso a eles, para promover a participación social e a concienciación da poboación nesta temática.
- Establecer unha igualdade na equiparación da participación social e política de mulleres e homes no municipio.
- Favorecer o acceso e permanencia das mulleres ao ámbito laboral, así como as oportunidades de emprendemento e mellora da súa formación e actualización nas innovacións e novas tecnoloxías.
- Favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, á vez que se promove un modelo de sociedade corresponsable no que as mulleres e os homes compartan de

maneira equilibrada as responsabilidades domésticas e familiares e realicen un uso equitativo dos tempos e das medidas de conciliación.

- Fomentar e impulsar a participación das mulleres no ámbito asociativo, así como unha maior presenza das mulleres nos ámbitos de educación, cultura e deporte, e fomentar neles a desaparición de aspectos non igualitarios.
- Detectar as problemáticas existentes en materia de saúde e prevención nas mulleres e mellorar a información referente a esta temática.
- Previr e educar á poboación na loita en contra da violencia de xénero, a través de pautas de actuación, dereitos e deberes cidadáns e fortalecer os mecanismos para a prevención e a rápida detección das distintas manifestacións da violencia de xénero.
- Mellorar os recursos comunitarios favorecendo a transversalidade da igualdade de xénero.



ÁREAS DE ACTUACIÓN:

Sobre a base do marco normativo vixente e os principios reitores do III Plan de Igualdade no Concello de Forcarei, adecuados ás necesidades detectadas na valoración do plan anterior, deséñase o plan de actuación para os vindeiros anos sobre unha estrutura formada por **seis** áreas de intervención:

1. Área de sensibilización, difusión e información orientativa
2. Área de corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, familiar e laboral
3. Área de formación e emprego
4. Área de Protección Social, promoción da saúde e o benestar
5. Área de Participación social, aproveitamento do tempo de lecer, asociacionismo, cultura e deporte
6. Área de promoción da igualdade e prevención e erradicación da violencia de xénero

1. ÁREA DE SENSIBILIZACIÓN, DIFUSIÓN E INFORMACIÓN ORIENTATIVA

Obxectivos:	<i>Promover na poboación a concienciación necesaria en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Para iso necesítase a colaboración das Administracións, que deben mostrar a igualdade de forma transversal en todas e cada unha das súas accións.</i>
	<i>Fomentar a participación da veciñanza en actividades e encontros onde se promova a igualdade de dereitos e a corresponsabilidade familiar</i>
	<i>Difundir e dar a coñecer ao conxunto da poboación, o III Plan de Igualdade do Concello de Forcarei cos seus propósitos e medidas.</i>
	<i>Informar á veciñanza acerca dos recursos e servizos existentes nos diferentes niveis de aplicación do plan</i>
	<i>Ofrecer e demostrar unha imaxe de concello igualitario con propostas concretas en cada unha das áreas de actuación</i>

Actuacións:	A1	<i>Concienciación a todos os traballadores e traballadoras municipais de que deben incorporar a perspectiva de xénero en todas e cada unha das actuacións levadas a cabo.</i>
	A2	<i>Emprego dunha linguaxe non sexista na institución como medio socializador e de cambio de mentalidade.</i>
	A3	<i>Seguir dando máxima difusión e colaborando con campañas e iniciativas institucionais propias ou de outras administracións para facer un fronte común contra a desigualdade.</i>
	A4	<i>Transmitir de forma transversal a través das imaxes municipais principios de igualdade, e difusión destes principios en todas as actuacións municipais .</i>
	A5	<i>Realizar unha campaña de difusión e información sobre o Novo Plan de Igualdade.a través de distintos soportes; Cartelería,</i>

		<i>dípticos, páxina web redes sociais, e todos os medios de difusión que o concello teña ao seu alcance para a promoción do plan.</i>
	A6	<i>Difusión das diferentes actuacións a través de aqueles medios que mellor cheguen á poboación, segundo as súas características e idiosincrasia.</i>
	A7	<i>Dar a coñecer á poboación os recursos dispoñibles para a loita contra a desigualdade en todos os seus aspectos.</i>

Indicadores:	<i>Directrices e protocolos deseñados e implementados</i>
	<i>Nº de recursos para a difusión do plan e das actuacións</i>
	<i>Nº de programas que incorporan a perspectiva de xénero e a súa implementación</i>

Axentes involucrados:	<i>Todos os departamentos e persoas traballadoras da entidade local</i>
	<i>O Departamento de Servizos Sociais como ente coordinador das medidas e actuacións de igualdade que se leven a cabo.</i>
	<i>Asociacións veciñais, de mulleres, maiores, Anpas, etc que participen e desenvolvan actividades e actuacións en materia de igualdade ou cuxo contido transversal sexa a igualdade de xénero</i>

2. ÁREA DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL

Obxectivos:	Fomentar a corresponsabilidade de todos os membros da familia na realización das tarefas domésticas
	<i>Impulsar e manter medidas e servizos de proximidade que permitan compaxinar a vida familiar e laboral</i>
	<i>Impulsar medidas que permitan e preserven o estado de benestar das persoas maiores</i>
	<i>Facilitar o acceso de mulleres con cargas familiares ao ámbito laboral</i>

Actuacións:	A1	<i>Realizar talleres escolares e para as familias que incidan na importancia da corresponsabilidade co obxectivo de que cada persoa asuma as súas tarefas e responsabilidades dentro do fogar acorde á súa idade</i>
	A2	<i>Impulsar accións culturais (talleres, representacións teatrais, etc.) co obxectivo de sensibilizar sobre a necesidade de transformar a socialización diferencial de xénero</i>
	A3	<i>Traballar e transmitir, de xeito transversal, a idea de que as responsabilidades familiares dentro do fogar son un aspecto fundamental na vida de homes e mulleres coa finalidade de acadar o desenvolvemento pleno da persoa independentemente do seu sexo.</i>
	A4	<i>Continuar coas medidas de conciliación existentes no Concello e melloralas, na medida do posible</i>
	A5	<i>Impulsar e difundir actividades de ocio e tempo libre dos menores en horarios non lectivos mantendo unha perspectiva educacional en valores e non sexista.</i>

	A6	<i>Ofertar medidas e recursos que fomenten a autonomía dos maiores a súa socialización e a súa atención no caso de dependencia.</i>
	A7	<i>Ofrecer asesoramento sobre lexislación e programas existentes, que posibiliten unha mellor conciliación da vida familiar e laboral</i>
	A8	<i>Facilitar espazos municipais para a realización e desenvolvemento de iniciativas privadas ou de outros organismos que favorezan a conciliación familiar</i>
	A9	<i>Dirixir unha oferta de formación a mulleres cun horario axeitado para compatibilizalo coas demais obrigas e cargas familiares.</i>
	A10	<i>Apoiar os permisos compartidos de maternidade e paternidade no ámbito laboral.</i>

Indicadores:	<i>Número de xornadas ou talleres de sensibilización e debate sobre os estereotipos e reparto de tarefas.</i>
	<i>Número de servizos de conciliación, horarios e número de usuarios atendidos.</i>
	<i>Número de cursos de formación e orientación laboral</i>
	<i>Número de permisos de maternidade compartida.</i>

Axentes involucrados:	<i>Os centros escolares, Anpas, menores, e toda a comunidade educativa</i>
	<i>O Concello (todos os departamentos que o constitúen, tendo como referencia o Departamento de Servizos Sociais).</i>
	<i>Colectivos veciñais, da terceira idade, mocidade, asociacións, ...</i>
	<i>Outros axentes de atención pública e/ou privada do Concello de Forcarei.</i>

3. ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO

A formación da muller no ámbito rural é imprescindible no proceso de construción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Un dos pasos máis importantes dados nos últimos anos neste terreo foi a incorporación da poboación feminina ao mercado laboral. Aínda así, este feito veu acompañado de aspectos como a segregación vertical e horizontal, a discriminación salarial e outras barreiras profesionais como as oportunidades de acceso laboral.

Para conseguir a equidade laboral precísase da participación activa de aqueles axentes sociais relevantes que contribúan a erradicar o tratamento discriminatorio por razóns de sexo.

A formación e o emprego son, factores decisivos que evitan en moitos casos, caer en círculos de dependencia, constituíndo á vez elementos fundamentais no fomento da autonomía de moitas persoas.

Obxectivos:	<i>Promover a busca activa de emprego proporcionando asesoramento e recursos formativos</i>
	<i>Facilitar a incorporación laboral da muller mediante o establecemento de accións formativas que melloren a súa empregabilidade</i>
	<i>Actualizar á muller solicitante de emprego nas novas técnicas e métodos de busca de emprego máis efectivos en función do seu itinerario formativo e laboral</i>
	<i>Potenciar o emprendemento feminino a través de medios propios ou en colaboración co ADR Terras de Pontevedra Norte.</i>

Actuacións:	A1	<i>Asesorar ao colectivo de mulleres na busca de información e recursos dispoñibles para a orientación laboral, o sistema educativo, asesoramento para o emprendemento, etc.</i>
	A2	<i>Desenvolver charlas e talleres para mulleres do ámbito rural sobre o</i>

	<i>desenvolvemento e mellora de habilidades básicas para a busca de emprego,</i>
A3	<i>Desenvolver charlas e talleres sobre os novos viveiros de emprego, especialmente para mulleres mozas, maiores de 45 anos, e mulleres en especial risco de exclusión social.</i>
A4	<i>Poñer en marcha talleres de emprendemento dirixidos a mulleres xoves do ámbito rural, como medida de fomento do autoemprego.</i>
A5	<i>Realizar seguimento individualizado das mulleres que realizaron cursos de formación para facilitar a súa inserción laboral</i>
A6	<i>Promover o uso das novas tecnoloxías como píar básico para o ámbito laboral a día de hoxe.</i>
A7	<i>Poñer en marcha servizo de asesoramento ou formación sobre os novos métodos e medios para a busca de emprego.</i>

Indicadores:	<i>Nº de consultas e sesións de asesoramento sobre recursos laborais realizadas</i>
	<i>Nº de charlas sobre novas profesións e viveiros de emprego</i>
	<i>Número de cursos de formación e orientación laboral desenvolvidos</i>
	<i>Nº de Cursos realizados sobre habilidades sociais e novos métodos e medios da busca de emprego</i>
	<i>Nº de alumnas formadas ás que se lle realizou seguimento</i>

Axentes involucrados:	<i>O Concello (todos os departamentos que o constitúen, tendo como referencia o Departamento de Servizos Sociais)</i>
	<i>Colectivos veciñais, da terceira idade, mocidade, asociacións, ...</i>
	<i>Outros axentes de atención pública e/ou privada do Concello de Forcarei.</i>

4. ÁREA DE PROTECCIÓN SOCIAL, PROMOCIÓN DA SAÚDE E O BENESTAR

Obxectivos:	<i>Analizar a realidade existente das problemáticas sociais das mulleres do municipio.</i>
	<i>Manter un servizo continuado municipal de información dos recursos e servizos existentes no eido dos servizos sociais, para mellorar a situación da muller.</i>
	<i>Diminuír as problemáticas existentes mediante actuacións de cambio social, por medio dunha intervención directa.</i>
	<i>Proporcionar recursos e medios para potenciar os bos hábitos saudables na muller e no entorno familiar</i>
	<i>Proporcionar recursos e medios de información e difusión sobre temas relacionados coa saúde e a prevención de enfermidades</i>
	<i>Proporcionar información no ámbito escolar e xuvenil sobre temáticas relacionadas coa saúde, hábitos responsables, prevención de adicións, prevención da violencia de xénero, etc.</i>

Actuacións:	A1	<i>Manter e mellorar, na medida do posible, os recursos e medios asignados ao departamento de Servizos Sociais como punto de información, asesoramento e tramitación de expedientes máis próximo á muller e á problemática social das familias.</i>
	A2	<i>Difundir e publicitar dende o Concello nova información de interese social, de saúde ou benestar que permita acceder a novos medios e servizos para proporcionar benestar á muller e ás familias.</i>
	A3	<i>Realizar charlas e actividades en colaboración coas Anpas, Colexios e comunidade educativa en xeral, de información a pais, nais e menores sobre prevención de conductas aditivas (substancias estupefacientes, aparatos tecnolóxicos, etc.)</i>
	A4	<i>Realizar charlas de interese para as mulleres xoves sobre conductas de risco por submisión química e como previlas, e establecer puntos de asesoramento e protocolo de actuación no caso de producirse</i>
	A5	<i>Colaborar coa realización de actividades relacionadas co deporte e o exercicio físico como medio para o mantemento do benestar e da boa saúde</i>
	A6	<i>Realizar charlas para o coñecemento de enfermidades habituais realizando á vez labor de concienciación sobre a prevención das mesmas e os métodos de diagnose</i>
	A7	<i>Promocionar con actividades, charlas, talleres etc. a saúde dende o punto de vista da prevención e a adquisición de hábitos de vida saudables, proporcionando medios e recursos para facilitalo.</i>

Indicadores:	<i>Nº de participantes nas consultas e sesións de asesoramento sobre temas de índole social e benestar realizadas, desagregados por sexo</i>
	<i>Nº de charlas e actividades efectuadas sobre temas de saúde e benestar social</i>
	<i>Nº de participantes nas actuacións desagregados por sexo</i>
	<i>Nº de campañas de difusión de nova información de índole social e de saúde ou benestar realizadas</i>

Axentes involucrados:	<i>Os centros escolares, Anpas, menores, e toda a comunidade educativa</i>
	<i>O Concello (todos os departamentos que o constitúen, tendo como referencia o Departamento de Servizos Sociais).</i>
	<i>Colectivos veciñais, da terceira idade, mocidade, asociacións,...</i>
	<i>Outros axentes de atención pública e/ou privada do Concello de Forcarei.</i>

5. AREA DE EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL, APROVEITAMENTO DO TEMPO DE LECER, ASOCIACIONISMO, CULTURA E DEPORTE

Con este plan de igualdade preténdese poñer en valor o empoderamento feminino, entendendo como unha potenciación do papel das mulleres e das súa contribución en procesos de desenvolvemento sobre todo en áreas rurais como esta.

Así, a presenza das mulleres nos distintos eixes favorece a visibilización das súas aportacións ó progreso e ao benestar social, deste xeito a maior presenza e actuación das mulleres en todos os ámbitos de representación social e política supón considerables beneficios para elas e para o conxunto da sociedade. Hai aínda un amplo camiño por recorrer neste eido de cara a conseguir a paridade e unha maior presenza de mulleres en órganos de dirección e decisión.

Nesta comarca a muller sempre xogou un papel moi importante no desenvolvemento de toda a estrutura social e produtiva, debido ao elevado índice de poboación masculina emigrada no pasado, desta forma todo o peso recaeu nela dende sempre. Agora queremos dar un paso máis para poder visibilizala tamén nos órganos de dirección e toma de decisións.

Obxectivos:	<i>Impulsar medidas que favorezan a participación das mulleres na sociedade en condicións de igualdade.</i>
	<i>Sensibilizar á poboación sobre a importancia dunha participación equilibrada entre sexos en todos os ámbitos.</i>
	<i>Impulsar accións que faciliten o asociacionismo feminino e a unión de forzas de traballo</i>
	<i>Apoiar ás asociacións de mulleres cuxo obxectivo sexa o desenvolvemento e progreso da muller e a loita contra a desigualdade</i>
	<i>Impulsar unha maior presenza de mulleres en todas as áreas de actuación no municipio, educación, deporte, cultura fomentando</i>

	<i>sempre a igualdade de dereitos.</i>
	<i>Promocionar actividades de toda índole de participación mixta para evitar diferenciacións por cuestións de sexo.</i>
	<i>Transversalmente sensibilizar a todos os colectivos para que identifiquen, eviten e non permitan ningún tipo de conduta sexista</i>

Actuacións:	A1	<i>Organizar actividades de sensibilización e formativas dirixidas a mulleres en risco de exclusión social co fin de promover a súa participación activa en entidades sociais, incidindo na importancia da participación activa da muller na sociedade.</i>
	A2	<i>Celebrar o día Internacional da Muller a través de actos e xornadas conmemorativas a nivel local.</i>
	A3	<i>Organizar actividades cos menores para o recoñecemento e a posta en valor da labor realizada pola muller na familia e na sociedade</i>
	A4	<i>Organizar actividades e eventos deportivos e culturais onde se fomente a participación mixta de ambos sexos e compartan espazos públicos e privados en condicións de igualdade.</i>
	A5	<i>Promover o recoñecemento de actuacións de mulleres ou colectivos de mulleres pola labor realizada de forma salientable</i>
	A6	<i>Promocionar e/ou organizar actividades de ocio e tempo libre saudables para evitar o illamento social feminino</i>
	A7	<i>Potenciar as capacidades persoais e de relación das mulleres como ferramenta para a promoción persoal e a participación social e comunitaria</i>
	A8	<i>Impulsar medidas para a convivencia e coeducación entre nenas e nenos por medio da educación en valores de igualdade, a través de convivencias ou actividades para o fomento destes principios.</i>

Indicadores:	<i>Número de talleres formativos, actividades, xornadas informativas e outras accións sobre temáticas de igualdade de xénero fomentadao polas asociacións e colectivos existentes.</i>
	<i>Número de accións lúdicas educativas en canto ao fomento da igualdade e a coeducación.</i>
	<i>Número de participantes de actividades culturais, lúdica-educativas e deportivas segregados por sexo</i>
	<i>Número de participantes segregadas por sexo e número de actos e xornadas conmemorativas en canto ao papel da muller na sociedade dende a perspectiva historico-cultural, científica, artística, política, económica e social.</i>

Axentes involucrados:	<i>Os centros escolares, Anpas, menores, e toda a comunidade educativa</i>
	<i>O Concello (todos os departamentos que o constitúen, tendo como referencia o Departamento de Servizos Sociais).</i>
	<i>Colectivos veciñais, da terceira idade, mocidade, asociacións de mulleres ,...</i>
	<i>Outros axentes de atención pública e/ou privada do Concello de Forcarei.</i>

6. ÁREA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN E ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxectivos:	<i>Intensificar os esforzos preventivos e de sensibilización para erradicar a violencia en contra das mulleres tendo en conta as causas, manifestacións e consecuencias que xera, actuando desde a asistencia, a prevención, información e protección das vítimas</i>
	<i>Concienciar á sociedade en xeral da responsabilidade que todos e todas temos para evitar a violencia contra as mulleres</i>
	<i>Fomentar medidas de tolerancia cero á persoa maltratadora</i>
	<i>Difundir información sobre a violencia de xénero e os seus tipos, tendo en conta que en moitos casos nin a propia vítima é consciente de que a está a sufrir.</i>
	<i>Involucrar á comunidade educativa na sensibilización dos menores en valores de equidade e igualdade para evitar que se perpetúe o rol machista na sociedade</i>
	<i>Difundir información sobre os medios públicos ao alcance para a loita contra a violencia de xénero.</i>

Actuacións:	A1	<i>Propoñer talleres e dinámicas dirixidos á poboación infantil e xuvenil e ás familias onde se traballen a resolución de conflitos a través de métodos non violentos</i>
	A2	<i>Colaborar nos colexios facendo campañas de actuacións dirixidas á prevención de violencia de xénero abordando a cuestión dende unha perspectiva de dereitos humanos.</i>
	A3	<i>Commemorar o día internacional contra a Violencia de Xénero a</i>

		<i>través de actos reivindicativos.</i>
	A4	<i>Organizar talleres, debates e conferencias dirixidos á poboación en xeral a axentes implicados co obxectivo de concienciar sobre este problema e xerar a necesidade de implicarse na non tolerancia</i>
	A5	<i>Promover e/ou organizar talleres de autoestima e realización persoal para mulleres de colectivo xeral, como primeira medida impulsora</i>
	A5	<i>Priorizar o acceso das vítimas de malos tratos aos diferentes programas municipais existentes, establecendo criterios favorecedores da súa integración.</i>
	A6	<i>Levar a cabo un seguimento con medidas de integración social, por medio de proxectos individualizados que se adapten as súas necesidades</i>

Indicadores:	<i>Número de talleres sobre resolución de conflitos de maneira non violenta realizados e persoas participantes desagregados por sexo</i>
	<i>Número de xornadas informativas, coloquios, etc. sobre a violencia de xénero, tipos de maltrato, tipos e protocolo de detección e actuación ante casos de violencia de xénero.</i>
	<i>Número de actos conmemorativos en contra da violencia de xénero e fomento da igualdade.</i>
	<i>Número de persoas usuarias vítimas de violencia de xénero nos programas de integración.</i>

Axentes involucrados:	<i>Os centros escolares, Anpas, menores, e toda a comunidade educativa</i>
	<i>O Concello (todos os departamentos que o constitúen, tendo como referencia o Departamento de Servizos Sociais).</i>
	<i>Colectivos veciñais, da terceira idade, mocidade, asociacións de mulleres ,...</i>
	<i>Outros axentes de atención pública e/ou privada do Concello de Forcarei.</i>